

ADENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022

MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022

Considerando o establecido na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (**DOG 11/02/2022**), con especial atención ao disposto no art. 7.8, e na disposición derradeira terceira, que modifica os puntos 2 e 3 do artigo 10, e punto 2 do art. 11 da Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22

1. Modifícanse os criterios de recuperación nos seguintes apartados da programación didáctica: 8.3.1; 8.3.2; 8.3.3. Serán substituídos nos apartados correspondentes polo seguinte parágrafo:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN: A primeira e segunda avaliación terán a súa correspondente proba de recuperación mediante unha proba escrita con similar grao de dificultade que as probas dese trimestre, e realizarase sempre ao comezo do trimestre seguinte. A recuperación da 3ª avaliación realizarase a finais do terceiro trimestre. Considérase que a avaliación é positiva se se obtén como mínimo a cualificación de 5 puntos. A nota final do curso corresponderá, unha vez aprobadas tódalas avaliacións, á nota media das avaliacións realizadas. Durante o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final e para o alumnado que ten partes da materia suspensa, realizaremos actividades de apoio, reforzo e recuperación. Estas actividades incluíran probas obxectivas que lles permitirán recuperar avaliacións suspensas e cuxas notas farán media ponderada coas avaliacións aprobadas. Co alumnado que ten todas as avaliacións aprobadas faremos actividades de ampliación e tamén poderemos incluír probas obxectivas. Estas actividades poderán computar ata 0,5 que se sumará á media das tres avaliacións do alumnado aprobado.

2. Modifícase o punto 8.4 da programación: Será substituído polo seguinte apartado

8.4. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para aquel alumnado que teña suspensa a materia do curso anterior, durante o curso deseñase un plan de reforzo individualizado. O alumnado será informado dos contidos que se lles van a esixir, así como as datas nas que se celebrarán as probas escritas que organizará o Centro, así mesmo, orientaselles sobre a maneira de preparar a materia

mediante exercicios para o que se lles propondrá a realización dun boletín de actividades de reforzo dos contidos a avaliar. Será indispensable a realización das actividades de reforzo para a realización das probas propostas polo departamento. Asemade a realización do traballo individualizado poderán valorarse ata un 30% na cualificación final. A proba constará de diferentes tipos de cuestións de resposta curta. Para aprobar hai que acadar un 5. A nota será a parte enteira da puntuación acadada. Os/as alumnos/as con materias pendentes realizarán dúas probas escritas: A primeira, en xaneiro, na que entrará a primeira parte da materia A segunda, en abril, na que entrará a segunda metade da materia. Para aprobar, o alumnado deberá superar as dúas probas escritas. Se non aprobaran por parciais o alumnado fará unha proba na que entrará toda a materia en maio. O profesorado do Departamento estará a disposición do alumnado durante os recreos ou ben a través da aula virtual para resolver calquera tipo de dúbida. Durante o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final e para o alumnado que ten partes da materia suspensa, realizaremos actividades de apoio, reforzo e recuperación. Estas actividades incluíran probas obxectivas que lles permitirán recuperar partes suspensas e cuxas notas farán media ponderada coas avaliacións aprobadas.

Apróbase a presente adenda á programación didáctica do curso 2021-2022 na reunión celebrada en Boiro o día 25 de marzo de 2022.

PROFESORA	SINATURA
Dña Silvia Avilés Vidal	
Dña Digna M. ^a Lampón Vidal Xefa Departamento de Física e Química	